

## Luís Rei, memoria do faro que alumea

Por: Antón Mascato

*Para Sabela e Sara,  
xunguidas na viva memoria de seu pai.*

Coma un faro que guía aos navegantes pola costa durísima deste país noso; coma o roteiro que traza as liñas do traballo por facer; como o gran dinamizador da recuperación da cultura marítima e fluvial que demoramos séculos en abordar, hai xa seis anos que nos falta o principal responsable dos labores que co tempo darían lugar á fermosa realidade que é hoxe a Federación pola Cultura Marítima e Fluvial, á revista “*Nova Ardentía*”, aos encontros de embarcacións tradicionais, aos estudos arredor de Ramón Cabanillas e o movemento agrarista pola abolición dos foros, ou a Basilio Álvarez e o xornal *La Zarpa*, a tantas iniciativas locais, comarcais e de país que Xosé Luís Rei Núñez (O Grove, 1960-Pontevedra, 2015) deixou espaxeadas na súa curta e fecunda vida.

Naceu e criouse no Grove dos anos sesenta, detrás do mostrador da tenda-taberna da súa nai, onde o recheo marítimo se chama Terra de Porto, mesmo á beira do mar de Lordelo antes de Rons e Cantodorxo que reivindicou como o centro da nosa nacencia vilega e mariñeira, no Grove gris do franquismo que tanto denostaba. Naquela terra batida xogou ás bólas, deulle ao trompo, e petou coa billarda no pau pequeno, aguilloado, de partir vidros nas casas das veciñas, que outros crebaron con pelotas. Alí aprendeu a escoitar a aqueles personaxes populares, sabios de misa na taberna, que saboreaban as palabras remolladas en viño “catalán”, que ao albariño aínda non lle sacara a rolla Cunqueiro e as súas amizades literarias. O cheiro a carenado de dornas, o ronrom dos serróns e as táboas cepilladas dos remendos nas cubertas non lle eran alleos a Luís; pai embarcado no Gran Sol e Terranova; nai traballadora da conserveira do Porto de Meloxo, que logo pon negocio propio para prosperar; sendo el o mais novo dos dous fillos da parella. Luís Rei amosou moi cedo que era un rapaz diferente, curioso, atento ao que pasaba darredor, pouco afecto á práctica das afeccións maioritarias como o “fútbol, a música e outras drogas” e sobre todo cunha alta capacidade para argumentar con retranca desaforada a calquera contrincante dialéctico que se lle puxera por diante. Un larapeto ilustrado, metade acedo limón, metade marmelo en folla de lata. Iso na boca, que o corazón era de manteiga, por moito que se emperrenchara en ocultado, poñéndoo en modo pedra.



Luís Rei

Nos anos seguintes á morte de Franco, xa feito un mociño, estuda maxisterio e ábrese ao mundo da política, que lle tiña o encantamento do aínda prohibido, ou case, sendo daquela unha actividade moi mal vista dende as miradas da banda de estribor. Seguidor das ideas da “revolución permanente” inspiradas por Leon Trotski, xuntouse cun colectivo de “revoltados permanentes” cos que fundou un “perigosísimo grupo radical troskista” coque rebentaron algúns actos institucionais, dos que non se librou nin o Concello de Cambados, para o que logo traballou toda a súa vida de maneira exemplar, nin o seu admirado Ramón Cabanillas, a quen lle adicou logo miles de horas para facer del a súa obra fundamental “*Ramón Cabanillas. Crónica de destellos e saudades*”, unha alfaia que tardará ben tempo en ser superada. A súa opción ideolóxica deu lugar á imposición dun alcume propio, iso que no Grove chamamos “chata”, e que non é mais que o nome verdadeiro, o que nos identifica con maior precisión que o do santoral e os apelidos de cada quen de nós. Luisiño da Terra de Porto, pasou a ser Luís O Trosko, fixérase un home, xuntárase con Manolo Barco, O Toreno; Paquiño García, o das Ghasiosas; Moncho Meis e outros... todos da caste dos rebeldes permanentes e da longa marcha, eis algúns dos que militaban naquel trosquismo que se

practicaba “do Vao pacá“. Porque unha das súas maneiras de estar na política era o humorismo, cando alguén se poñía serio de máis saíalle “eh camarada, para o carro! que nós fasemos a revolución non para aburrirmos, fasémola para pasalo ben“.

Luís Rei estivo en todas as que lle toucou pola cronoloxía da vida, na defensa do medioambiente e o ecoloxismo, poñéndose en contra do “insufrible espectáculo do tiro ao pombo da Toxa que tan mal fala de nós“ aquela antigüidade que tanto deu para discutir no Grove e do que xa ninguén se lembra, e das escopetas dos tiradores, mesmo con algún tolerirán, como o neto de Franco que amagou con dispararlle; na reivindicación dos valores naturais e turístico-económicos da enseada Umia-O Grove e por conseguinte en contra das reiteradas tentativas de facer un campo de golf na aba da Siradella, en terreos dotados de medidas de protección medioambiental galegas e europeas aos que había que protexer con argumentos e activismo; ou na denuncia pública dos vertedoiros clandestinos de lixo e refugallos, como o das cunchas de bivalvos na Cova da Loba e na Siradella. Foi un dos fundadores e presidente do Colectivo ecoloxista do Salnés.

No ano 1983, negociamos e aceptou o convite do Bloque Nacionalista Galego para integrarse, como independente, nas listas que esta forza política presentaba ao Concello do Grove, por primeira vez, fixemos unha campaña sen cartos, sen madurez por idade e sen recursos humanos non sendo media ducia de persoas ben intencionadas, que conquerimos sacar a cabeza pola esquerda ocupada aínda por un Partido Comunista xa residual e un Partido Socialista que se nutría doutras forzas. Enfronte a dereita hexemónica dun Alfredo Bea Gondar que acadaba mais da metade dos votos emitidos. Lembro con nitidez aqueles anos de debates interminables, de compañeiros e compañeiras cun alto grado de compromiso: Ángel Caneda, Xan Torres, Dadín, Alfredo Fernández, Xosé Fuentes, Rosa, Rifi, Fabián, Carme Castro, Manolo Mascato, Luís Vilalonga e poucos mais. Luís entrou logo no BNG e chegaría a ser o responsable municipal, líder da oposición ao goberno dun PP no que Miguel Pérez era a referencia municipal, sendo Francisco Fontán e as súas maneira de facer política o encargado de “telas gordas“ con Luís. As súas intervencións nas sesións plenarias están recollidas nas actas, e merecen unha escolma demorada, xa que son pezas de fina oratoria daquelas dúas almas nun puño que de tanta baticarse entre eles acabaron queréndose. O traballo político de Luís Rei foi sempre arroupado por compañeiras e compañeiros como Xosé Manuel Domínguez, Xesús María González, Lina Álvarez, Carlos Besada, Sara Abeijón, Rosa A Anaca, Anselmo Noia, Heladio Outeiro, David Torres, Xesús Domínguez, ou Brais... ata que circunstancias externas, foron abrindo fendas e feridas que non quixo aturar e decide dar uns pasos á esquerda.

Marchamos xuntos daquel Bloque co que xa non compartiamos os mesmos puntos de vista en todas as batallas, fixé-molo sen facermos “caballitos“ sabedores, ambos, que dentro quedaban moitos compañeiros e compañeiras dignísimos no compromiso, no esforzo, na dedicación política; e tamén algunhas mediocridades con “mando de sarxento en tropa escasa“ que moito nos axudaron a tomar a decisión de deixar a militancia de trinta anos, continuada... Había fóra aínda moito que facer, o País tiña carencias urxentes por cubrir, e nós tempo limitado para dedicarllelo. Anova, o Encontro Irmandiño, O Beiras e Age, souberon de nós, ata poñer-mos tamén proa cara outras latitudes. Se de alguén falou sempre ben, se a un político admirou, Luís, pola súa honestidade, capacidade e intelixencia, se se identificou persoalmente con algún dos seus compañeiros, sen dúbida este



Luís Rei, candidato BNG



Con Xesús González, Manolo Mascato e Moncho Meis

foi Manolo Mascato O Pulgha, ao que relevou no Concello, e do que tanto aprendeu en conversas de política pasada polo café do Habanero e a Taberna de Moncho O Lavandeiro.

Era Luís Rei de amplas e diferentes sociabilidades, o seu ronsel de relacións humanas atinxe todo o colorido posible, se cadra son poucas as persoas que saben que unha das súas conversas habituais, entre as menos coñecidas e mais gorentosas para el, era a que mantiña co cóengo da catedral de Santiago, historiador, e responsable dos tesouros da sede episcopal compostelán, o grovense, Alejandro Barral, membro do Opus Dei, e de ideas moi conservadoras, co que chegou a entenderse ben dende as súas diferencias e radicais discrepancias que o crego cortaba elegantemente, cando non lle conviña o rumbo do debate, cun lixeiro retorcemento de corpo e faciana, que o trosquista virado en nacionalista, interpretaba á perfección dándolle unha reviravolta ao debate. Lembro que nun contexto no que se falaba da teoloxía da liberación dos xesuítas en América latina e o “papelón” que facía Opus Dei, no outro polo, espetoulle “*mira Alejandro, non me veñas con historias, a min tanto me ten que no envoltorio me regalen cromos de futbolistas, de catedrales del mundo ou de motos de competición, o conto é que sempre me venden os puñeteros fosquitos, iso é o que queres fíxerme ti, venderme a Igrexa do dereito ou do revés...*”. Outro si pode decirse dos sucesivos alcaldes da dereita cos que lle tocou traballar, dende Santiago Tirado a Luís Aragunde, todos falaron del, en público e en privado, cos mellores eloxios á súa profesionalidade, por iso lle deixaron facer o que lle pareceu coa programación cultural cambadesa, modélica no tempo que del dependeu.

Pero foron dúas as súa principais actividades sociais e culturais: o patrimonio marítimo e fluvial de Galicia e Ramón Cabanillas. Da primeira vén de publicarse un libro que recolle os máis dos seus escritos éditos e inéditos, nel está todo o que foi redactando entre 1990 e 2015, vinte e cinco anos de plenitude nos escasos cincuenta que viveu. “*Farol perpetuo na néboa. Luís Rei e a cultura marítima*” é unha “*colectánea de textos seus sobre a cultura marítima. Tópicos e (pre)textos para unha historia de Cambados. Entrevistas*” como pode lerse na mesma obra a xeito de subtítulo. Unha coitada edición que lle debemos ao bo facer de dous dos seus amigos mais achegados: Emilio Xosé Ínsua e Francisco Fernández Rei. Cos que compartiu traballos na revista *Ardentia*, no colectivo etnográfico Mascato de Cambados, ou na Federación da Cultura Marítima e Fluvial, editora desta obra, que saíu a finais do ano 2020, en plena epidemia do Covid. Nesta obra están tamén algúns dos textos que preparou sobre a Memoria local de Cambados e do Grove, case sempre feitos para dar conta de convites en diferentes ciclos de historia local; mais están tamén, salferidas ao longo de moitos dos traballos que se publican, as súas referencias constantes a experiencias de vida no



Luís Rei, presentando *Ardentia* en Muros



Presentación “As colareiras do Grove”, con Patricia Arias, Antón Mascato, Conchita A Vidala e Manola A Meca. 2010. Casa da Cultura


Grove e na vila de Cabanillas; unha das características, un dos recursos dos que botaba man cando quería explicar calquera pormenor do asunto que trataba.

Con esta publicación, da súa autoría, que prepararon Ínsua e Fernández Rei, e coa súa obra sobre Cabanillas que deu a coñecer a editorial Galaxia en 2007, temos xa accesible o seu traballo de investigador, o seu labor de divulgador e o seu magnífico esforzo polo prestixio da cultura de noso, á que lle entregou os mellores anos da súa vida.

O concello de Cambados ao que dedicou os seus mellores esforzos como bibliotecario e técnico municipal de cultura, concedelle o Premio Ramón Cabanillas, por primeira vez, no ano 2010; a terceira concesión dese mesmo premio foi a que lle outorgaron os libeiros da vila cambadesa en 2015, cando aínda non había acordo entre eles e o concello para non repetir aquel dislate de teren na mesma vila dous concesionarios do mesmo galano; e aínda recibiu outro “cabazón de Fefiñáns”, neste caso o “clandestino”, o que serviu como maqueta, ou proba de autor, e que o seu escultor puxo nas súas mans, sen coñecemento máis que deles dous. Polo que, nunha especie de esperpento valleinclanesco co que moito ten rido, foron tres os premios Cabanillas que recibiu, coa entrega de senllas “estatuas” da cabeza de don Ramón. Dito isto como anécdota hilarante, que na realidade honorífica, o seu nome quedou gravado na frontal do Pazo no que se instalou definitivamente a Biblioteca municipal Luís Rei, decisión do primeiro goberno da alcaldesa Fátima Abal, sendo concelleiro –magnífico- de cultura Víctor Caamaño. Nesta Biblioteca Luís Rei, unha vez mais polo bo facer de Emilio Xosé Ínsua, quedou depositado e ordenado, o seu fondo documental, un arquivo persoal que co pasar do tempo será recurso principal daquelas persoas que pretendan facer traballos da memoria local da Arousa, do Salnés e nomeadamente do Grove e Cambados.

Na homenaxe que lle fixemos en Cambados, en maio de 2015, cando estaba xa moi ferido, presentamos o libro *Luís Rei. Crónica de traballos e amizades*, co que unha ducia de amigas e amigos fixémolo rir e chorar, emocionarse e botar sapos pola boca, era a homenaxe que entendiamos estaba mais que gañada por quen foi para nós un dos grandes dinamizadores culturais do seu tempo, aquel que transcendeu do local ao comarcal, precisamente no seu territorio salnesiano ao que tanto quixo este rabudo integral que continúa alumeándonos dende o alén.

Mentras, O Grove enmudecido esquécese de honrar como merecen os seus mellores fillos e fillas, sumando o nome de Luís Rei aos de Xohana Torres, Xan González Millán ou Xohan Fuentes Castro, entre outras e outros, que agardan xestos comunitarios que lle fagan xustiza a quen foron excelencia na cultura e nas letras de noso.



Luís Rei Crónica de traballos e amizades

## ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:



Colabora

**CONCELLO DE O GROVE**  
**CASA DE CULTURA DE O GROVE**